



1.- Acta da SGAPEIO

Está dispoñible na web da SGAPEIO, no apartado de “A SOCIEDADE – Actas e informes” que ten acceso restrinxido a socios e socias, a seguinte acta:

- Acta da Sesión Extraordinaria do Consello Executivo da SGAPEIO celebrada o 10 de setembro de 2014.

2.- Curso de introdución a R: Software libre para PEMES

Están confirmadas as novas datas do curso **Introdución a R: software estatístico libre para PEMES**: 10, 17, 24 de novembro e 1 de decembro de 2014.

Este curso, organizado pola SGAPEIO en colaboración coa Facultade de Matemáticas, está dirixido a pequenas e medianas empresas que queren iniciarse no tratamento de datos estatísticos con R (empresas que fan actividades demoscópicas, estudos de mercado, análise de datos en departamentos de I+D,...).

O curso conta cunha parte presencial (12 horas) e unha parte non presencial (9 horas) na que o alumno deberá resolver prácticas con bases de datos e envialas por correo electrónico.

Parte presencial:

- Lugar: Facultade de Matemáticas (Santiago de Compostela).
- Datas: 10, 17, 24 de novembro e 1 de decembro de 2014.
- Horario: 17:00 - 20:00 h.

Prezo:

- Socios/as de SGAPEIO: 50 €.
- NON socios/as: 80 €.

O programa detallado e o formulario de inscrición están na páxina web da SGAPEIO (www.sgapeio.es). **O prazo de inscrición remata o 31 de outubro de 2014.**

3.- Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística

Lembramos que a SGAPEIO e a Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA), en colaboración con educaBarrié, organizan unha **Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística. Aplicación á Incubadora**. Esta xornada, que da continuidade á xornada sobre o ensino da Estatística celebrada en novembro de 2013, está

dirixida a profesores de ESO e Bacharelato e vaise impartir en dúas edicións, unha na Coruña e outra en Vigo.

Esta actividade, que conta coa homologación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, inclúe exposición de experiencias, obradoiros, unha conferencia e unha ponencia práctica sobre a elaboración de traballos para presentar á Incubadora.

- Lugar: A Coruña e Vigo nas sedes da Fundación Barrié.

- Datas:

- A Coruña: 15 de novembro de 2014.

- Vigo: 29 de novembro de 2014.

- Horario: 9:30 - 14:00 e 15:30 - 19:30.

O programa detallado e o formulario de inscrición están na páxina web da SGAPEIO (www.sgapeio.es) . **O prazo de inscrición remata o 31 de outubro de 2014.**

4.- Solución ao “Dilema do tesoureiro” publicado no Informest Nº 36

A sección de *Estatística Recreativa* do boletín Informest Nº 36, publicado en outubro de 2013 (páx. 19), incluía un desafío estatístico titulado “O dilema do tesoureiro”, coa indicación de que se publicaría a solución ao problema no seguinte número do boletín. Debido ao cambio de estrutura do Informest, que xa non ten unha sección de *Estatística recreativa*, non apareceu no número 37 a solución, polo que a reproducimos aquí:

Solución ao dilema do tesoureiro:

Trátase dunha versión libre do coñecido “dilema do prisioneiro”, que adoita ilustrarse coa historia de dous ladróns que son detidos sen probas, pero a cada un deles por separado ofréceselles a pena mínima a cambio da súa confesión. De acordo coa análise clásica ambos confesarán, delatando ao seu compañeiro. Aínda que sería claramente mellor para os dous non confesar, non é unha opción racional.

Para analizar os resultados estableceremos números de orde (canto máis baixo mellor) para cada un. Indícanse na táboa seguinte entre parénteses os dous resultados (primeiro para o partido, segundo para o corrupto) para as catro combinacións posibles de estratexias:

	Corrupto	
QQ	O	C
R	(1 , 4)	(3 , 3)
D	(2 , 2)	(4 , 1)

Dando por válida a ordenación dos resultados posibles, podemos observar como para o partido QQ a estratexia de “repudiar” (R) é sempre mellor que “defender” (D), calquera que sexa a opción do corrupto (resultado 1 fronte a 2; 3 fronte a 4). Dise que a segunda – defender- é unha estratexia dominada pola primeira –repudiar- e polo tanto aquela non será utilizada en ningún caso.

Para o outro protagonista da nosa historia ocorre o mesmo, a súa estratexia “cantar” (C) domina a “ocultar” (O), xa que o seu resultado será sempre mellor (tamén 1 fronte a 2; 3 fronte a 4), e polo tanto, atendendo a criterios estritos de racionalidade, a súa decisión non pode ser outra que cantar.

A decisión, polo tanto, soamente pode ser o repudio do corrupto e a saída á luz da información comprometedora, cuxo resultado (3,3) é peor para ambos que o da combinación defender-ocultar (2,2); pero esta última non é racional: de aí el dilema. Non obstante, a realidade supera sempre á ficción, e quizais o ser humano non é tan racional como pensamos.

5.- Curso “Optimality Conditions and Algorithms in Nonlinear Optimization”

Julio González Díaz (departamento de Estatística e Investigación de Operacións - USC) e Alfredo Bermúdez de Castro (departamento de Matemática Aplicada - USC) organizan o seguinte curso:

- Título: Optimality Conditions and Algorithms in Nonlinear Optimization.
- Docente: Gabriel Haeser. University of São Paulo.
- Datas: do 28 ao 30 de outubro de 2014.
- Horario: 11:30-14:00h.

O curso é gratuíto, pero é necesario inscribirse, antes do **24 de outubro de 2014**, enviando un correo electrónico a mariajose.ginzo@usc.es.

Máis información: <http://eio.usc.es/index.php/es/noticias/7-noticias-del-departamento/175-course-optimality-conditions-and-algorithms-in-nonlinear-optimization>

6.- Curso sobre Innovación na formación continua e ferramentas 2.0

A *Escuela Andaluza de Salud Pública* organiza un curso sobre innovación na formación continua e ferramentas 2.0.

Destinatarios:

- Profesionais interesados na integración da web social e ferramentas 2.0 nos seus ámbitos de traballo.
- Responsables e membros das unidades de formación continuada e de unidades docentes, titores de residentes e profesionais sanitarios que exerzan labores docentes.
- Profesionais do ámbito da formación continua, especialmente asesores de centros de profesorado, responsables de áreas de formación e recursos humanos de empresas, etc.

Datas: 3 de novembro a 14 de decembro de 2014

Máis información: <http://www.easp.es/easpmooc13/blog/2014/09/22/innovacion-en-la-formacion-continua-y-herramientas-2-0/>

7.- XXVII Congreso ENCIGA

O XXVII Congreso de ENCIGA terá lugar en Moaña os días 20, 21 e 22 de novembro de 2014.

Lugar: IES As Barxas de Moaña.

Datas importantes:

- Data límite para a inscrición: 14 de novembro de 2014.
- Data límite para o envío de resumos: 18 de outubro de 2014.
- Data límite para o envío de ponencias completas: 25 de outubro de 2014

Máis información: <http://www.enciga.org/?q=node/327>

8.- Oferta de emprego ITMATI

Oferta de emprego:

- Proxecto: unidade mixta de investigación (UMI) Repsol-ITMATI.
- Referencia da oferta: ITMATI-OT-05/2014.
- Convocatoria: contratación no marco da resolución do 6 de outubro de 2014 pola que se adjudican as axudas a organismos de investigación de Galicia para a creación, posta en marcha e impulso de unidades mixtas de investigación.

Esta convocatoria conta coa financiación da Axencia Galega de Investigación e do *Ministerio de Economía y Competitividad* no marco da Estratexia Española de Innovación en Galicia.

- Descrición dos postos: ata un máximo de 8 contratos como investigador/a da unidade mixta de investigación (UMI) Repsol-ITMATI.

As persoas interesadas deberán enviar antes do 29 de outubro de 2014 ás 14:00 horas as solicitudes, que incluírán unha carta de presentación que resuma a traxectoria do solicitante coas experiencias adicionais a valorar na convocatoria, curriculum vitae (con teléfono móbil e correo electrónico) e o expediente académico de Grao/Licenciatura/Enxeñería, Máster e/ou Doutoramento. Toda a documentación debe remitirse á seguinte dirección de correo electrónico: itmati@itmati.com.

Más información: http://eio.usc.es/pub/mte/descargas/OfertaTrabajoITMATI-OT-05-2014_ESP_141014.pdf

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>